



**DIRECCIÓN GENERAL DE ATENCIÓN A LAS VÍCTIMAS Y PROMOCIÓN
DE LA MEMORIA DEMOCRÁTICA**

Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática

Calle de San Bernardo, 45
28015 MADRID

Asunto : Solicitud de incoación do procedemento para a declaración do Pazo de Meirás como Lugar de Memoria Democrática, de acordo co establecido nos artigos 49 e 50 da Lei 20/2022 de 19 de outubro, de Memoria Democrática.

Carlos Roberto Babío Urquidi con Documento de Identidade nº 32783378Y, en calidade de Presidente da **Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'a Coruña** con NIF G70026687, con enderezo electrónico a efectos de notificación: info@memoriadacoruna.gal, no seu nome e tamén en representación das seguintes entidades, todas elas coordinadas e organizadas na **Iniciativa Galega pola Memoria**, e que a continuación se relacionan:

- Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d'a Coruña (NIF G70026687).
- Asemblea Republicana de Vigo (NIF G36742351)
- Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica de Marín (ARMH de Marín – NIF G36580132)
- Asociación Cultural “Vagalumes” de Tabeirós-Terra de Montes (NIF G94004199)
- Fundación Alexandre Bóveda (NIF G36127918)
- Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo (NIF G70150065)
- Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36. (NIF G36969855)
- Comisión pola Memoria Sinhor Afranio (NIF G6517894)
- Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova (NIF G67889949)
- Agrupación Cultural Alexandre Bóveda (NIF G15036981)
- Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza (NIF G70348529)
- Fundación Luis Tilve (NIF G15169949)
- Agrupación Cultural O Facho (NIF G15037021)
- A.C. Memoria Histórica 28 Agosto de Cangas (NIF G36522621)
- Asociación Cultural Alén Nós de Redondela (NIF G36306090)
- Asociación Lucenza. Ateneo de Nigrán (NIF G42724385)
- Amigos da República de Ourense (NIF G32318677)
- Asociación Cultural Obradoiro da Historia. Oroso. (NIF G15570690)
- Asociación Agrupación Cultural O Galo. Santiago de Compostela (NIF G15055015)



- Asociación Veciñal, Cultural, Deportiva e Recreativa do Barrio da Agra do Orzán – A Coruña (NIF G15142052)
- Asociación Cultural Achádego Teatro. (NIF G27112515)
- Asociación Cultural Cultura Aberta de Carral (NIF G15963630)
- Asociación Cultural e Teatral Abril de Lume e Ferro (NIF G15969264)
- Asociación Cultural Xérmolos (NIF G27014885)
- Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos (NIF G15411283)
- Asociación Amigos de Johan Carballeira de Bueu (NIF G36274801)
- Teatro Akatro de Pontevedra (NIF G36280162)
- Asociación Pavís Pavós. Pontevedra (NIF G36280189)

EXPÓNEN que :

1.- Que as entidades asinantes, todas elas promotoras e difusoras da memoria democrática, promoven diante da dirección xeral competente, a incoación do procedemento para a declaración do Pazo de Meirás como lugar de Memoria Democrática, de acordo co establecido nos artigos 49 e 50 da Lei 20/2022 de 19 de outubro, de Memoria Democrática.

I. DATOS SOBRE OS BENS OBXECTO DO EXPEDIENTE

1.- DENOMINACIÓN : Pazo de Meirás.

2.- LOCALIZACIÓN:

Provincia: A Coruña

Comarca: A Coruña

Concello: Sada.

Parroquia: Meirás

Lugares: Piñeiro e A Senra.

Delimitación cartográfica coas súas coordenadas xeográficas: 43°`21´ 27” N e 8° 17´ 45 “ O

3.- CIRCUNSTANCIAS RELEVANTES :

Titularidade : Administración Xeral do Estado (en execución provisional de sentenza).

Ben de Interese Cultural, coa categoría de sitio histórico (Decreto 299/2008 de 30 de decembro da Consellería de Cultura da Xunta de Galiza).



Inmable usado pola ditadura como residencia de verán da xefatura do Estado (1938-1975) e lugar de actos institucionais e de celebración de consellos de ministros, de aprobación e aval de disposicións legais e de execución de actos de represión e crimes da ditadura (confirmación de penas de morte, entre outros).

Inmable detentado pola xefatura do Estado como resultado dun proceso de violencia institucional coercitiva de despoxo e expulsión das persoas lexítimas propietarias.

4.- PRINCIPAL BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA CONSULTADA :

- BABÍO URKIDI, C., PÉREZ LORENZO, M., (2017); *Meirás, un pazo, un caudillo, un espolio*, Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre.
- PÉREZ LORENZO, M., BABÍO URKIDI, C., (2022); *Meirás. Un pazo para el caudillo*. Editorial Cumio.
- (2019). Escrito de demanda da avogacía do estado de acción reivindicatoria, de rectificación do rexistro da propiedade fronte aos herdeiros de Carmen Franco Polo, e anexo documental da demanda e práctica de proba realizada no proceso.
- (2020) Sentenza 00137/2020 do Xulgado de 1ª instancia de A Coruña. Procedemento ordinario 0000752/2019-R sobre a acción reivindicatoria do Estado sobre o Pazo de Meirás (02/09/2020).
- (2021) Sentenza 60/2021 da Audiencia Provincial de A Coruña de 12/02/2021 (recurso apelación 600/2020).
- (2008) Decreto 299/2008 de 30 de decembro da Consellería de Cultura da Xunta de Galiza “*polo que se declaran ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás, situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña*” (Diario Oficial de Galiza de 21 de xaneiro de 2009).
- Xornal “El País”. Tribuna de opinión. “*El Pazo de Meirás, espacio de memoria democrática*”. 11 de xuño de 2021

II. O PAZO DE MEIRÁS COMO LUGAR DE MEMORIA DEMOCRÁTICA; XUSTIFICACIÓN PARA A DECLARACIÓN

O artigo 49 da Lei de Memoria Democrática¹ establece as singularidades **que** debe reunir un inmable, entre outros espazos e paraxes, para que sexa declarado como Lugar de Memoria. Entre elas, as seguintes:

¹ Lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática. BOE núm. 252, de 20/10/2022.



- **Lugar vinculado á represión e violencia sobre a poboación.**

A represión sobre a poboación vinculada á adquisición e posterior entrega como residencia de verán ao ditador Franco está amplamente recollida e documentando en diferentes volumes, traballos, artigos e publicacións nos que se reconstrúen os abusos na súa adquisición e o funcionamento desta propiedade a todos os efectos, como residencia oficial de verán da xefatura do estado na etapa comprendida entre os anos 1938 e 1975.

Xa que logo, na bibliografía citada pódese documentar e coñecer de xeito profuso diferentes xeitos de represión e violencia contra a poboación vinculados co método de adquisición do Pazo de Meirás (mediante métodos coercitivos nun contexto de represión) e posterior uso do ditador Franco.

Máis aínda – e por senón fosen poucos datos - podemos seguir aportando documentación que incluso non están recollidos nos traballos bibliográficos aquí citados. Nesta ocasión, a apertura de expediente ao Brigada da Garda Civil Jose Pérez Duran pola súa negativa a aportar á “*suscripción del Pazo de Meirás*” no concello de Cee.²

Compre destacar nas múltiples facianas da represión exercida en Meirás á que se viron sometidas as persoas propietarias dos terreos que serviron para ampliar a extensión das propiedades ao servizo do ditador Franco. E de xeito particular as moitas familias que se viron privadas dos dereitos de arrendamento da explotación agropecuarias, que servían de modo de vida e de subsistencia destas persoas.

O sistema empregado para que estas propiedades pasaron como compra vendas forzosas e simuladas a formar parte do patrimonio particular do ditador Franco, explicase así na sentenza do Xulgado que anula a propiedade do Pazo de Meirás á familia Franco:

“El procedimiento de adquisición de las fincas colindantes fue en paralelo a la construcción del muro de cierre de la finca actual, procedimiento que se inicia y culmina en los primeros años posteriores a la entrega de las Torres. Desde entonces la finca objeto de reivindicación se corresponde con la actual parcela catastral. A medida que el muro se construía, las fincas colindantes eran ocupadas y posteriormente se instaba a sus legítimos propietarios a la transmisión forzosa, mediante el otorgamiento de escrituras públicas de compraventa a favor de Francisco Franco”³.

² Arquivo do Reino de Galiza. ES.GA.15030.ARG/1.3.2.10.1.2.11.5.22.//33710-105

³) Sentenza 00137/2020. Procedemento ordinario 0000752/2019-R sobre a acción reivindicatoria do estado sobre o Pazo de Meirás (02/09/2020). Páxina 16



Emprego da forza institucional represiva dos aparellos do Estado para a ocupación dos terreos (e correlativo desaloxo coercitivo dos seus lexítimos propietarios) que tamén se recolle na sentenza da Audiencia provincial de 12/02/2021:

“los terrenos los ocupa el aparato del Estado desde el primer momento, desplegando el Estado su capacidad de ejercer la fuerza sobre los ciudadanos...”⁴



5

O Pazo de Meirás é entre 1938 e 1975 sede oficial da ditadura franquista descrita así na sentenza aludida con anterioridade neste escrito:

La gestión del Pazo. Desde 1938 a 1975 el Pazo de Meirás se convierte en la residencia oficial estival del Jefe del Estado, sede de celebración de los Consejos de Ministros, de actos y reuniones oficiales y de oficinas del aparato estatal. Como dependencia oficial de la Administración del Estado afectada a un servicio público, la gestión y mantenimiento del Pazo se llevó a cabo

⁴ Sentenza 60/2021 da Audiencia Provincial de A Coruña de 12/02/2021 (recurso apelación 600/2020).

⁵ Plano aportado como documento 23 (Informe de TRAGSATEC) de determinación das fincas rexistras engadidas na parcela catastral 001800100NJ50B0001HR, no anexo documental da demanda da avogacía do estado de acción reivindicatoria, de rectificación do rexistro da propiedade fronte aos heredeiros de Carmen Franco Polo sobre o Pazo de Meirás.



*por la Casa Civil y Militar de S.E. el Jefe del Estado desde su creación en 1939. Dicha gestión no difería en modo alguno de la gestión ordinaria que se realizaba de otras dependencias oficiales.*⁶

Xa que logo, Meirás foi sede oficial da ditadura franquista na que se adoptaron medidas represivas propias dun réxime totalitario. E coa chegada estival do ditador adoptábanse tamén medidas coercitivas e mesmo represivas contra a poboación, documentadas estas nos volumes bibliográficos consultados.

A declaración do Pazo de Meirás como lugar de Memoria ofrece a posibilidade polo tanto, para o estudo e análise dos réximes fascistas e totalitarios, e de xeito moi particular o franquista. Un espazo singular para elo que permitiría tamén a súa resignificación democrática.

- **Lugar vinculado á memoria democrática, a loita da cidadanía polos seus dereitos**

Sen dúbida o Pazo de Meirás é un símbolo indiscutible de loita social vinculada á memoria democrática. Un exemplo de loita contra a impunidade. De denuncia e reclamación da cidadanía contra un espolio, e os abusos cometidos polo franquismo.

A propia sentenza aquí referida pon en valor esa loita cidadá, facendo un percorrido polas accións reivindicativas máis singulares, que se inician practicamente desde a morte do ditador Franco, tendo como momento singular o nacemento dunha das entidades memorialistas que asina o presente escrito:

*Desde el año 2004, la reivindicación social en torno al Pazo de Meirás se intensifica a raíz de la creación de la Comisión para la recuperación de la Memoria Histórica y las concentraciones ciudadanas serán una constante. Como puede observarse, desde el primer momento tras el fallecimiento de Francisco Franco la polémica acompaña al Pazo de Meirás, no siendo ajenos a ello sus herederos, como así se pone de manifiesto en distintas apariciones públicas*⁷

Tamén é importante sinalar a aportación desde o ámbito memorialístico a investigación que reconstruiu e aportou luz ao esclarecemento da verdade, que tamén se pon de manifesto na citada sentenza:

Igualmente se han realizado diferentes publicaciones sobre el proceso de adquisición y posterior uso del Pazo con un indudable valor de estudio histórico.

⁶ Sentenza 00137/2020. Procedemento ordinario 0000752/2019-R sobre a acción reivindicatoria do estado sobre o Pazo de Meirás (02/09/2020)

⁷ Id.



*Se adjunta así al presente escrito el libro “MEIRÁS un pazo/ un caudillo/ un expolio” como Documento nº 38.*⁸

- **Lugar onde se desenvolveron feitos de singular relevancia, pola súa significación histórica, simbólica, ou pola súa repercusión na memoria colectiva.**

O Pazo de Meirás é un inmovible declarado como Ben de Interese Cultural coa categoría de sitio histórico. No momento da incoación deste expediente, a proposta era que a categoría fose de “monumento”, modificada con posterioridade a “sitio histórico” xustificándose esta mudanza en esta categoría precisamente polos valores memorialíticos desta propiedade,

*“... que se adecúa con máis exactitude aos valores culturais que se transmiten a través da rica estrutura espacial do conxunto de elementos que conforman as Torres de Meirás, que conteñen en si mesmos a memoria de momentos reimportantísimos da historia de Galicia e do Estado español”.*⁹

Na tramitación desta declaración BIC durante o ano 2008, os órganos consultivos aos que a Consellería de Cultura da Xunta de Galiza, como instructora do expediente, pediu informes (Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela), consideraron como decisivo e relevante para declarar o Pazo de Meirás como Ben de Interese Cultural coa categoría de “sitio histórico” o seguinte razonamento:

*“... súa destacada importancia como lugar de memoria, reflexo dun pasado burgués, cosmopolita, nobiliario e político, indubidablemente asociado con dúas personalidades históricas de gran notoriedade: a eminente escritora galega Emilia Pardo Bazán, unha das máis salientables representantes españolas do naturalismo literario, e a figura de Francisco Franco, xefe do Estado español durante 40 anos”.*¹⁰

As citadas institucións entenderon tamén que

“a memoria histórica impide esquecer a estreita vinculación das Torres de Meirás coa figura de Francisco Franco desde o ano 1939, pois, a partir desta data, o pazo convértese nun referente arquitectónico, acaso na construción

⁸ Sentenza 00137/2020. Procedemento ordinario 0000752/2019-R sobre a acción reivindicatoria do estado sobre o Pazo de Meirás (02/09/2020).

⁹ DECRETO 299/2008, do 30 de decembro, polo que se declaran ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás, situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña.

¹⁰ Id.



*máis mediática de toda a etapa franquista, pois foi a residencia estival do xefe do Estado español durante case catro décadas, e alí tiveron lugar numerosos consellos de ministros, visitas de estado, recepcións oficiais e diversos actos, que foron enchendo unha vida histórica que superou sobradamente o marco xeográfico da Galicia de Emilia Pardo Bazán”.*¹¹

Existen numerosas referencias bibliográficas que aluden á singular relevancia de Meirás como espazo vinculado á memoria democrática. Que argumentan e constatan a vinculación de Meirás coa Memoria, e que poderían servir por si sos como relatos para a xustificación da declaración do Pazo de Meirás como lugar de Memoria.

Como exemplo deles, e que pode servir como resumo das singularidades de Meirás como espazo de Memoria Democrática, reproducimos a continuación, parte do artigo de opinión publicado polo xornal “El País” de autoría de Manuel Pérez Lorenzo e Carlos Babío Urkidi, publicado o 11 de xuño de 2021 e que levaba por título “Meirás, espazo de memoria democrática”, que pode servir tamén como resumo das singularidades que xunta Meirás como lugar de Memoria democrática:

“El pazo de Meirás es un elemento muy reconocible en nuestro paisaje. En el paisaje geográfico de quienes habitamos sus contornos y en el paisaje simbólico de varias generaciones enteras. En el imaginario colectivo de un pueblo que conoció Meirás a través del NO-DO. El edificio de tres torres posee poderosas connotaciones ante las que casi nadie es indiferente. Prueba de ello es la relevancia mediática de todo cuanto ocurre dentro y alrededor de sus muros. Los debates –viejos y nuevos– que surgen en torno a su pasado, a su situación presente y a sus perspectivas de futuro.

Durante cuatro décadas, Meirás ha sido la residencia estival de un dictador. Cada verano, sus puertas se abrían a la llegada de Francisco Franco y de esa especie de corte que le rodeaba, imagen y representación de un régimen tan ligado a su figura que los límites entre la persona y el Jefe del Estado, entre lo privado y lo público, apenas se percibían. La propia denominación de Franquismo resulta muy expresiva en este sentido. Como también el hecho de que en el pazo funcionase una explotación agropecuaria de la que Franco extraía beneficios económicos, pero que era gestionada por el Estado, que aportaba personal, semillas, ganado e infraestructuras.

Todo ello para que, al final, fuese el propio Estado el comprador de parte de su producción de huevos y de leche. Y para que, cerrando el círculo, el destino de esa leche y de esos huevos fuese la propia mesa del pazo en la

¹¹ Id.



que el dictador nutría en idéntica proporción su estómago y su cuenta corriente. Una realidad que permite comprender desde la raíz algunos de los males del presente: la corrupción, el clientelismo...

También lo ocurrido en las décadas siguientes a la muerte del dictador ayuda a entender lo que somos como sociedad. El pazo de Meirás, heredado por la familia del dictador, se convierte en símbolo de impunidad de la dictadura. En una punzada dolorosa para muchas personas a las que no se les había permitido cerrar las heridas abiertas. Tan sólo taparlas, envolverlas en varias capas de olvido. Pronto surge el debate acerca de la propiedad del edificio, la reivindicación de que la familia Franco deje de poseerlo como único modo de romper con esa impunidad lacerante y construir en torno a él un escenario de paz, concordia y justicia. Y es que la carga simbólica de Meirás, como espacio asociado a una dictadura represiva, impedía cerrar los ojos y pasar página.

Meirás estaba –y está– asociado a demasiados episodios dolorosos. En 1938, en plena Guerra Civil, en una Galicia controlada por los sublevados y sometida a toda la intensidad de su aparato represivo, las élites coruñesas promovían su donación al Jefe del Estado. Su adquisición y reforma era costeada con aportaciones forzosas. Con el dinero, en no pocos casos, de personas obligadas a entregar parte de lo poco que poseían para agasajar al máximo representante de una dictadura que les había quebrado la vida por la mitad, que había asesinado, encerrado o enviado al exilio a alguno de los suyos, en una comarca caracterizada en los años previos por su dinamismo político y el fuerte arraigo del sindicalismo anarquista. «Ha resultado que han contribuido al regalo, no los buenos españoles que le quieren, sino todos, buenos y malos», señalaba el informe confidencial de un Teniente Coronel preocupado por la imagen del régimen que se estaba proyectando. «La cifra gastada en el Pazo es de tal magnitud que si se supiese causaría asombro», añadía.

Además, para agradar al matrimonio Franco-Polo, la finca, de seis hectáreas, era ampliada a costa de la toma de tierras colindantes y del medio de vida de varias familias. Incluso de una casa, desalojada por la fuerza. De este modo pagaba el vecindario el nuevo destino de las torres. Y no sólo así. La presencia anual del dictador en Meirás implicaría una persistente represión y vigilancia sobre la población, con personas encarceladas de modo preventivo cada verano o con la obligación de aclamar a Franco en su llegada y de engalanar ventanas y balcones con banderas de España. «Todos los habitantes de casas colindantes con calles y plazas de esta Villa de Sada se proveerán [...] de la tela necesaria para que en sus casas [...] luzcan colgaduras de los colores nacionales. [...] Transcurrido el plazo señalado se procederá a recorrer las casas de los vecinos para sancionar a los que no



hayan cumplido lo que se ordena». Con esta contundencia se expresaba en sus bandos el alcalde de Sada.

Las primeras reclamaciones nacían de la constatación de todos estos episodios, transmitidos en voz baja hasta incrustarse en la memoria colectiva. Y hasta cristalizar en una resolución judicial –todavía no firme– en la que se acreditaban estos hechos históricos y otros relevantes desde el punto de vista moral y jurídico. Por una parte, la escritura que hacía poseedores del pazo a Franco y a su familia era fraudulenta. Además, el Estado lo había gestionado como un edificio público durante la dictadura. Hoy es patrimonio colectivo. Y lo es como producto de esa reivindicación persistente del pueblo gallego. El pazo de Meirás es un espacio cargado de memoria, como otros lugares ligados a la biografía de dictadores”.

Por todo o anteriormente exposto, **SOLICÍTASE** desta *Dirección General de Atención a las Víctimas y Promoción de la Memoria Democrática* a incoación de expediente para a declaración do Pazo de Meirás como Lugar de Memoria Democrática, conforme ao art. 50 da Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática.

Sada, a 15 de xullo de 2024

Asdo. Carlos R. Babío Urquidi
Presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña

En nome e representación das entidades que figuran relacionadas no presente escrito baixo a coordinación da plataforma Iniciativa Galega pola Memoria (IGM)